

Manuel Forcadela

EVA HELENA ABANDONADA

Na quietude da alta noite e mentres sinto como chegan, aínda obscuras, as azuis, fugaces horas do mencer, achega-se-me a voz que perdura nun poema tan antigo como a lingua. E é un poema, singular como talvez outro nengun, que ten disposto muitas luces e acendido co seu brillo aínda perene o fulgor mais íntimo das mentes que o estudaron, dos íris que puxeron a súa ollada sobre o texto. Falo, claro está, da cantiga de Meendinho.

Todo o mundo sabe que Meendinho é autor dun único poema: a célebre barcarola que alude á ermida de San Simón. E todo o mundo sabe que Meendinho conforma, xunto con Martín Codax, o par poético que a tradición manuscrita liga á paisaxe da ría de Vigo. Un mesmo mar que baña a praia dos seus versos. Un mesmo céu, portanto, o que escintila por enriba das ondas misteriosas.



PEPE GALOVART

Ocorre-se-me pensar, mentres luces de farois habitan o obscuro pano marítimo e un odor de breu se achega até os meus lábios, que o central neste poema é a conformación dunha illa na conciencia da muller. A illa é o refúxio (Jung) contra o ameazador asalto da maré do incosciente, quer dicir, a síntese de conciencia e vontade. Seguimos nisto a doutrina hindu pois a illa é concebida nela (Heinrich Zimer) como o punto de forza metafísico no que se condensan as forzas da "imensa ilóxica" do océano. Por outro lado a illa é símbolo de isolamento, de soidade e de morte. A maior parte das divindades das illas teñen carácter funerario. Como Calipso.

Frente á conciencia desa illa, o océano: a mobilidade perpétua, o carácter informe das áugas, a grandiosidade. Na súa totalidade, e fronte á gota, o océano é un símbolo da vida universal fronte á particular. O océano é considerado tradicionalmente

como orixe de toda xeración. A ciencia confirma que a vida comezou no mar. Tamén, o océano pode ser asimilado ao inconsciente colectivo do que surxe o sol do espírito.

Mas na voz da rapariga hai aínda un terrível lamento que deixa mudo o corazón e fai tremer esta soidade da alvorada: o lamento que subliña a súa caréncia dunha barca.

Innumerábeis referencias literarias poderían probar que a barca é o berce recobrado (e o claustro materno). A palabra carnavales (Carrus Navalis) refírese-se, segundo algúns etimólogos, a unha procesión de navios, asociada ás ideas de orxía, travestismo, retorno temporal ao caos primixénio, para resistir á tensión ordinaria que impón o sistema.

No subtil lirismo medieval debemos supor unha elegante asimilación de varios cultos. Así, en Martín Codax, tan próximo a Meendinho, convive o profano (E bañar-nos-emos nas ondas) co relixioso (Eno sagrado en Vigo).

Como escribiu Bataille en *L'Erotisme*, "a transgresión excede sen destruí-lo a un mundo profano do que ela é complemento. A sociedade humana non é sómente o mundo do traballo. Simultánea —ou sucesivamente— o mundo profano e o mundo sagrado compoñen-no, son as dúas formas complementarias. O mundo profano é o dos interdictos. O mundo sagrado abre-se a transgresións limitadas; é o mundo da festa, dos soberanos e dos deuses".

En Meendinho encontramos os dous mundos. Por unha banda a illa, a ermida, o altar; por outra banda o océano, o barqueiro que se invoca, o remador.

Unha vella historia grega aporta-nos curiosas coincidencias: Calipso era unha ninfa. A Odisea conta como amou a Ulises e o retivo xunto a ela durante dez anos ofrecendo-lle en van a inmortalidade. No fondo do seu corazón Ulises sentía o afán de voltar a Itaca e non se deixou seducir. Calipso habitaba unha profunda gruta que tiña varias salas que daban a xardíns naturais, un bosque sagrado con grandes árbores e mananciais que fluían polo céspede. Pasava o tempo fiando e tecendo coas súas criadas, tamén ninfas, que cantaban traballando. A rogos de Atenea, Zeus enviou a Hermes a Calipso coa orde de libertar a Ulises, e ela cumpriu-na con pesar. Deu-lle madeira para construír unha barca e provisiones para a viaxe ao tempo que lle indicaba cales eran os astros que devían guiar a súa navegación.

Algo antigo e misterioso une a historia das dúas mulleres. O mar, sempre presente, é a testemuña necesaria. En nengunha das dúas historias o amor resulta consumado. Illa, ermida, virxindade.

Outro formoso mito grego que aporta a súa vagaxe clarificadora é o de Ariadna abandonada por Teseo. Despois do episodio do labirinto do minotauro en Creta en que Ariadna entregara a Teseo un novelo para que puidese encontrar a saída do labirinto éste deixa-a abandonada na illa. Os mitógrafos preguntan-se polo motivo desta deserción: uns aseguran que Teseo amaba a outra muller; outros que abandonara á xoven por orde de Dionisios que, ao ollá-la ficara apaixonado por ela. Talvez, a voz que chega a min na noite está aínda inzada do fulgor de Dionisios que percorre cos seus lábios cada sílaba deses versos imortais.

A Odisea (e incluo aquí tamén o mito de Teseo) é, en realidade, a epopeia mítica da navegación, como vitoria sobre os dous perigos fundamentais de todo navegar, a destrución (trunfo do océano, do inconsciente) ou retroceso (regresión, estacamento).

Meendinho fai, como Homero, unha louvanza xubilosa á navegación mas, a diferenza de Calipso, a amiga de Meendinho non aspira a reter ao seu amigo na illa senón a vencer o mar na navegación conxunta dos seus amores. Acaso sexa éste un matiz fundamental.

Hai, por tanto, na cantiga de Meendinho, e como xa Lapa ten afirmado para a cantiga de amigo en xeral, unha actitude feminina de natural actividade que en nada se corresponde coa postración da muller grega. Estaremos, sen dúbida, diante dun novo aspecto a salientar por parte dos teóricos do noso atlantismo.

Centrando-nos xa na figura da muller, das catro tipoloxías fundamentais que, segundo Jung, o símbolo da muller ten enxendrado en toda a tradición (a saber: Eva ou o instinto; Helena ou o sentimento; Sofía ou ciencia e María ou virtude) a voz da nosa amiga revela-nos unha muller entre o instinto e o sentimento. Eva Helena talvez fose o seu nome. Nada hai nela de científico ou virtuoso.

Por outra banda, sentir-se abandonado é, esencialmente, sentir-se abandonado do "deus en nós", da componente eterna

do espírito, proxectando-se nunha situación existencial ese sentimento de extravío, que tamén posúe relación co labirinto: ficar só nun mundo que é equivalente ao caos.

Ausencia, pois, de reunión, de reconstitución do disperso, maximamente exemplificada no mito exípcio de Ísis recompondo o corpo despedazado de Osiris, símbolo por excelencia de retorno á unidade primixénia. Aparece en formas menos puras como a de Sigfrido recompondo a espada rota que o ferreiro non pode soldar e que el fai e desfai. Como Bataille di en *L'Erotisme* "a reprodución pon en xogo seres discontinuos" ou aínda "o que revela experiencia mística é unha ausencia do obxecto. O obxecto identifica-se coa discontinuidade, e a experiencia mística, na medida en que temos en nós a forza para operar unha ruptura da nosa discontinuidade, introduce en nós o sentimento de continuidade".

Eva Helena abandonada lamenta-se da súa discontinuidade, enleva a voz dos seus adentros na procura da reunión, da reconstitución do disperso: "A donde te escondiste/amado y me dejaste con gemido..." (S. Juan).

Mentres, a noite segue indo silenciosa rumo á praia aínda distante da alvorada. A balada de Meendinho vai perdendo-se entre o son do vento triste. Abril morre e só me deixa estes anacos de palabras.

Cariño, 29 de Abril de 1986.



BERTA A. CACCAMO